



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS NENOS ONCOLÓXICOS DE GALICIA (ASANOG), PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DE ASANOG INTEGRADOS NO PROGRAMA "MEU BEN"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente xeral do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o presidente da Asociación de axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia (ASANOG) ten previsto formalizar co SERVIZO GALEGO DE SAÚDE o instrumento convencional arriba referido con vixencia de tres anos a contar dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de axuda aos nenos oncolóxicos de Galicia (ASANOG) para o desenvolvemento dos proxectos integrantes do programa "Meu ben", no ámbito dos departamentos de onco-hematoloxía pediátrica dos centros públicos do Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no interese que teñen ambas partes asinantes no obxectivo prioritario de que ningún neno/a, nin a súas familiar teñan que afrontar un tratamento oncolóxico, sen o mellor apoio psicosocial posible.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato



dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 8 de xaneiro de 2017.